



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

A. - COMPETICIÓNS

A.1 DEFINICIÓNS

Calendario Oficial

Relación anual das regatas aprobadas po la Asamblea Xeral da RFGV, ou po la Comisión Delegada unha vez celebrada aquela.

Campionato

Regata na que ao vencedor se lle outorga o título de Campión dunha clase, categoría ou modalidade.

Categoría

Subdivisión duna clase que limita a participación (Masculino, Feminino, Infantil, Xuvenil, Absoluto, Máster, Sub-17, Sub-21...)

Clase

Conxunto de embarcacións cuxo deseño, construción e/ou características están reguladas nunhas Regras de Clase.

Circuíto

Conxunto de regatas que conforman un trofeo ou sirven para confeccionar un Circuíto Clasificadorio.

Circuíto Clasificadorio

Conxunto de regatas clasificatorias ou puntuación do mesmo.

Club

Entidade deportiva inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia, e no Rexistro de Clubs da RFGV.

Flota

Tipo de competición na que os participantes dunha mesma clase regatean agrupados nun so grupo.

Grupos

Conxunto de regatistas dunha clase agrupados segundo o seu circuíto, sorteo, etc. para realizar unha competición.

Láser/Ilca: Comprende os equipamentos das clases Ilca e Tlc en cada unha das suas categorías.



Licenza Federativa-

Documento oficial imprescindible para poder participar en calquera regata oficial.

Modalidade

Tipo de competición que pode efectuarse por embarcacións (Vgr: flota, por equipos, match-racing, longa distancia, velocidade, etc.)

Participante

Tripulación inscrita que sae por lo menos nunha proba.

Proba

Cada unha das unidades de competición dunha regata.

Regata

Competición que consta dunha ou varias probas entre embarcacións da mesma ou distinta clase.

Regata aberta e regata pechada

Aquela na que se permite a participación de tripulantes que non teñan a Licenza expedida po la RFGV é unha regata aberta. No caso contrario é unha regata pechada.

Regata clasificatoria

Aquela cuxo resultado se utiliza para puntuar no Circuito Clasificatorio.

Regata limitada

Aquela na que o dereito a participar está condicionado por algún sistema previo de selección ou por algunha regra especial de elixibilidade.

Regata oficial

Toda regata que figura no Calendario Oficial da RFGV.

Regras de clase:

Regulamentación técnica, incluíndo planos, esquemas e especificacións de construción que definen as características dunha **Clase**.

Regras de handicap

Sistemas recoñecidos de compensación de tempos.



Rolda de Clasificación

Conxunto de probas que seleccionan as tripulacións para una Rolda Final.

Rolda Final

Conxunto de probas que dan lugar a unha Clasificación Xeral.

Sector

Cada unha das divisións organizativas en que se agrupan as distintas Clases ou disciplinas.

Serie

Conxunto de regatas cujos resultados se agrupan para un fin determinado (Unha selección, un torneo de tempada, etc.).

Tarxetas de clase

Documento acreditativo da pertenza a una asociación de Clase.



A.2 LICENZAS FEDERATIVAS (ELIXIBILIDADE)

a.2.1 A Licenza Federativa é o documento imprescindible para obter a condición de federado e poder participar en calquera regata oficial.

a.2.2 A Licenza Federativa é un documento persoal e intransferible. A inscrición nunha regata farase sempre polo Club que figure nela.

a.2.3 Nas regatas oficiais que se detecte barcos con participación de deportistas que non teñan a Licenza Federativa en vigor, a RFGV considerará eses barcos como non inscritos.

a.2.4 A modalidade de Licenza de Escola non é válida para participar en regatas.

a.2.5 A RFGV publicará cada ano unha guía de referencia dos tipos de licenza cos datos referentes aos seus custos, competencias, coberturas dos seguros e mutualidades que afecten aos diferentes tipos de licenza.

a.2.6 Cambio de titularidade do club na licenza Federativa: Soamente se autorizará por parte da RFGV o cambio de club a aqueles deportistas que o soliciten por escrito e acompañen a solicitude con escritos dos clubs afectados aceptando o cambio.

No primeiro cambio realizado no ano deberán aboar o custo de expedición da licenza, si houbera outros cambios deberá aboar novamente o importe da Licenza Federativa.

A.3 REGATAS OFICIAIS

a.3.1 Son regatas oficiais as incluídas no Calendario Oficial de Regatas da RFGV.

Excepcionalmente, a proposta dunha Clase, Sector ou Club, a RFGV. poderá autorizar, logo da solicitude e aceptación da Comisión Delegada, a celebración de regatas non incluídas no calendario orixinal. As regatas así autorizadas consideraranse integrantes do calendario oficial.

A RFGV non avala ningunha regata que se celebre en Galicia de forma non oficial, fora das actividades locais e sociais propias de cada club.



Estas regatas non terán autorización para levar ningún logotipo nin imaxe oficial da RFGV.

As probas non avaladas pola RFGV non disporán do seguro federativo para a súa celebración e ademais se informará da situación, en canto se teña coñecemento a:

- A capitanía marítima correspondente onde se celebre a proba.
- A Secretaría Xeral para o Deporte e a Delegación Provincial de deportes de onde se celebre a proba
- Ao Concello onde se celebre a proba

a.3.2 Son regatas oficiais da RFGV como mínimo:

(a) os Campionatos do Mundo e de Europa que se celebren en Galicia.

(b) as regatas internacionais que se celebren en Galicia.

(c) as Copas e Campionatos de España que se celebren en Galicia.

(d) as Copas de Galicia e Campionatos Galegos

(e) as Regatas Clasificatorias

a.3.3 A organización das regatas sinaladas nas letras (d) e (e) do apartado anterior corresponden en todo caso á RFGV, quen poderá efectualas directamente, ou en colaboración ou delegación dos Clubs afiliados, podendo establecer un convenio de colaboración entre a RFGV, que regulará as condicións de organización, e o club organizador.

a.3.4 É competencia exclusiva da RFGV, de acordo coa Lei do Deporte de Galicia, así como dos seus Estatutos, a convocatoria, delegación e control dos Campionatos Galegos de vela en cada unha das Clases e Sectores.

O uso das expresións Campionato Galego, Copa de Galicia, ou outras similares que se refiran a regatas celebradas en Galicia, así coma o uso do logotipo e a imaxe federativa, queda reservado a aquelas regatas aprobadas pola RFGV.

a.3.5 A inclusión dunha regata no calendario oficial poderá dar dereito a obter a colaboración técnica da RFGV.

a.3.6 As Copas de Galicia, Campionatos Galegos e Clasificatorias son regatas abertas, excepto na clase Optimist. A RFGV poderá modificar estas condicións.



a.3.7 En tódalas regatas sinaladas no apartado a.3.2 (excepto as do apartado (e) **deberán contar nos seus actos oficiais con o representante da RFGV que designe o seu Presidente.**

a.3.8 Todas las regatas sinaladas no punto A.4 deberán ser realizadas a través da Plataforma Oficial de Xestión e Resultados (ver punto A.11).

a.3.9 En todas as regatas oficiais está prohibido o uso de drons, excepto os autorizados pola autoridade organizadora.

a.3.10 Se prestará especial atención por parte dos organizadores, sempre que exista unha alerta laranxa ou superior, da axencia estatal ou autonómica de meteoroloxía, por fenómenos meteorolóxicos adversos na zona e nas horas de navegación onde se disputará unha regata oficial.



A.4 CONDICIÓNS DAS REGATAS OFICIAIS

1. As regatas oficiais poden celebrarse para os Sectores, Clases, Modalidades e Categorías recoñecidos.
2. Programaranse de acordo co formato de Competicións sinalado no punto A.10 e Percorridos establecidos no Anexo III.
3. No caso de que non se celebre ningunha proba por condicións climatolóxicas, poderá ser aprazada e celebrada noutra data co acordo da Clase, do Club organizador e da RFGV.
4. O club organizador deberá dispoñer dos medios humanos e materiais definidos para o nivel de regata na Guía para Organización de regatas.
5. A RFGV poderá adecuar estas previsións ás particularidades que presenten certas regatas ou Clases.
6. Para a Clase Cruceiro se aplicará as especificacións dos Regulamentos propios.
7. Para a participación dos regatistas galegos nas probas Campionatos e Copas de España e necesaria a súa participación no Circuito Clasificador Galego (ver Sistema de Clasificación RFEV punto 3.1.4.1), probas precisas a súa vez para a participación, no seu caso, nos Campionatos Internacionais.
8. Soamente entrarán a formar parte do Circuito Clasificador aquelas tripulacións con licenza expedida pola RFGV.
9. As regatas clasificatorias deberán de cumprir os requisitos do regulamento de Competicións da RFGV.

A.4.1 Copas de Galicia

A Copa de Galicia é válida se se completan un mínimo de dúas probas sempre que participen un mínimo de 8 embarcacións.

Será proclamado vencedor da Copa de Galicia a primeira tripulación con licenza expedida pola RFGV.



A.4.2 Campionatos Galegos

- (a) O Campionato Galego é a competición, trofeo ou distinción de máis alto nivel que outorga a RFGV.
- (b) Será proclamado Campión de Galicia a primeira tripulación ou equipo con licenza expedida pola RFGV.
- (c) Dentro do Campionato Galego, e logo de autorización da RFGV poderán establecerse outras clasificacións, Xuvenil, Sénior, Feminina, ... o que deberá indicarse no Anuncio de Regata.
- (d) O Campionato Galego será válido si se completan un mínimo de tres probas (entre ambas as dúas roldas no seu caso) sempre que participen un mínimo de 8 embarcacións por categoría.
- (e) O Campionato Galego sempre forma parte do Circuito Clasificatorio.
- (f) Ademais das placas que outorgan o título de Campión Galego que son aportadas pola RFGV, **e que serán entregadas polo representante da propia RFGV**, deberá haber un mínimo de tres trofeos para as tres primeiras tripulacións en cada una das categorías que cumbran co disposto no apartado (d).
- (g) As datas de celebración do campionato galego de calquera clase non coincidirán nunca con ningunha regata oficial de esa mesma clase en Galicia.
- (h) Detállase no Anexo II os Títulos que se conceden.

A.4.3 Regatas Clasificatorias

Todas as demais regatas que formen parte do Circuito Clasificatorio para formar as seleccións galegas.

A.4.4 Regatas Autonómicas

Aquelas que pola súa implantación, antigüidade, nivel e tradición sexan recoñecidas como de nivel autonómico pola RFGV e que polo menos teñan a participación mínima de barcos que se detallan na seguinte táboa, dos cales polo menos o 25% dos participantes pertencen a un club distinto ao organizador, segundo a clase.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Para a Clase Cruceiro, polo menos o 30% das embarcacións participantes han de competir por un Club diferente ao organizador, e que así mesmo respectaran a distribución de grupos que aprobara a RFGV para o Campionato Galego de Cruceiros do ano en curso.

CLASE	Nº	CLASE	Nº
OPTIMIST	30	WINDSURF	15
VAURIEN	10	RADIO CONTROL	7
SNIPÉ	10	J70	6
420	15	J80	6
470	5	6M	6
LÁSER	25	KITESURF	20
CRUCEIRO	15		

a.4.5 Regatas Locais

Todas as demais que se celebren na Comunidade Autónoma de Galicia.

A.5 SOLICITUDE E ADXUDICACION

Se atenderá a o Regulamento de Solicitudes de Inclusión de Regatas no Calendario da RFGV.

A.6 ORGANIZACION (REGATAS OFICIAIS)

Ver apartado D-Guía de Organización

a.6.1 A organización das regatas oficiais cumprirán o disposto no presente Regulamento e/ou os particulares en caso de existir e as prescricións da RFEV ao **RRV**, e efectuarase segundo dispón a Guía para Organización de Regatas Oficiais.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

a.6.2 Nos Campionato Galegos, Copas de Galicia, regatas Clasificadoras e de nivel autonómico haberá, como mínimo, os seguintes organismos técnicos:

CLASE	ÁREAS	DETALLE
Optimist	Exclusiva para a clase	Chegada independente da saída
ILCA	Exclusiva para a clase	Chegada independente da saída
Windsurf	Exclusiva para a clase	Chegada independente con FOIL
420 Vaurien Snipe Resto de clases	Se pode compartir pero cun máximo de dous grupos por área.	Chegada independente se comparten con outra clase.

a) **Comité de Regatas**, responsable da admisión de inscricións, a dirección das probas na auga e a xestión de resultados. Á fronte do Comité de Regatas áchase o Oficial Principal de Regatas, que para os Campionatos Galegos e Regatas Clasificadoras será nomeado pola RFGV.

b) **Comité Técnico**, (obrigatorio soamente para Campionatos Galegos) responsable de verificar a adecuación das embarcacións participantes ás súas Regras de Clase. Para os Campionatos Galegos o seu Presidente será nomeado pola RFGV.

c) **Comité de Protestas**, responsable da recepción, tramitación e resolución de protestas. Para os Campionatos Galegos e Regatas Clasificadoras o seu Presidente será nomeado pola RFGV.

d) **Árbitros**, cando se use xuízo directo na auga. Para os Campionatos Galegos e Regatas Clasificadoras serán nomeados pola RFGV.

Para o nomeamento dos xuíces sinalados nos puntos anteriores se dará prioridade a os titulados con licenza da propia RFGV.

a.6.3 Nas regatas oficiais: Copas de Galicia, Campionatos Galegos e Clasificadoras, deberán contar como mínimo cos seguintes nomeamentos:



- 1 Oficial en barco Comité de Regatas cun axudante.
- 1 Medidor, en Campionatos Galegos con embarcación pneumática.
- Xuíces, cada un coa súa propia embarcación, en función do número de embarcacións participantes por cada clase:
 - Ata 40 embarcacións: 1 Xuíz
 - De 41 en diante: 2 Xuíces

Ademais deberán dispoñer como mínimo dos seguintes:

- 1 Balizador con lancha balizadora en regatas de un so grupo.
- 2 Balizadores con lancha balizadora en regatas con dous ou máis grupos na mesmo área.

a.6.4 Nas regatas **Campionato Galego, Copa de Galicia e regatas Clasificadorias** a RFGV pode nomear un Delegado Técnico Federativo responsable de velar polo axeitado cumprimento da normativa vixente. Este Delegado será o máximo responsable de todas as decisións nas que estean implicadas cuestións de transcendencia para a política deportiva e federativa.

a.6.5 A RFGV poderá ditar as normas que resulten necesarias para a mellor organización e desenvolvemento das regatas.

a.6.6 Os Clubs organizadores poderán establecer, para clases de vela lixeira, en Campionatos Galegos, Copas de Galicia e Regatas Clasificadorias uns dereitos de inscrición máxima de 5 euros por tripulante/día, coa excepción da clase Radio Control que non ten establecido un máximo.

Nas probas do Circuito Clasificadorio de clases infantís/xuvenís deberá proporcionarse aos deportistas un avituallamento: auga, froita, barritas de cereais...., e recoméndase para todas as demais.

As inscricións recibidas fora do prazo establecido poderán ser aceptadas po-la organización e terán un recargo do importe indicado do 100 %.

a.6.7 Os posibles aprovisionamentos dados polos clubs nas regatas oficiais deberán cumprir co as recomendacións publicadas po las diferentes autoridades sanitarias sobre alimentación infantil/xuvenil. Deberá ademais evitar o uso de envases dun so uso.



a.6.8 Deberá haber contentores de lixo con separación de residuos en cantidade suficiente de acordo co número de participantes

a.6.9 Se exceptúan do pago da inscrición aos adestradores pola súa colaboración coa organización da proba.

A.7 SEGURIDADE

a.7.1 Nas regatas oficiais da RFGV todos os tripulantes de embarcacións pneumáticas ou similares (Balizadores, xuíces, adestradores,... e acompañantes) están obrigados a levar durante o tempo que estean a flote Chaleco salvavidas colocado e acorde as súas características físicas.

E recoméndase o uso de chaleco para o resto de persoal mentres estea a flote.

a.7.2 En ditas regatas as embarcacións deberán ter:

- Radio VHF sintonizada coa canal oficial da regata
- Sistema de seguridade "home a auga" operativo
- Identificación do club ou asociación á que pertencen e o equipamento obrigatorio marcado po-las leis vixentes.

a.7.3 O CR poderá, por causas xustificadas, obrigar a calquera embarcación relacionada coa regata a voltar a terra.

a.7.4 Todos os deportistas que naveguen en clases con foils deberán usar, en todo momento a flote, un casco adecuado.

A.8 COMITÉ DE XUICES E XURADOS

Órgano esencial para o desenvolvemento das actividades deportivas, encargado do nomeamento, inscricións, dirección e control das probas durante a súa execución.

a.8.1 Nomeamentos dos Comités

Nas regatas oficiais recollidas no apartado A.4 os comités serán nomeados polo Comité de Xuices e Xurados da RFGV.

- Estes nomeamentos serán como mínimo os marcados no punto A.6.2

Os clubs farán as solicitudes dos distintos Comités que formen a regata cunha antelación mínima de 15 días o Comité de Xuices e Xurados a través da plataforma oficial da RFGV.



Os nomeamentos faranse tendo en conta a proposta, se a houbese, do club organizador ou de libre designación do propio Comité de Xuices e Xurados.

Todos os nomeamentos faranse con xuíces en activo (ver Regulamento do Comité de Xuices e Xurados)

- Os xuíces nomeados para unha regata clasificatoria, Copa Galicia ou Campionato Galego se comunicarán coa dirección técnica da RFGV para coñecer os detalles competitivos da proba.
- Un xuíz nunca poderá estar nomeado en dúas probas distintas que se celebran o mesmo tempo, nin cubrir máis dun cargo na mesma regata.

a.8.2 Gastos dos Comités

- Correrán por conta do Club ou autoridade organizadora.
- Se cubrirán os gastos de peaxe e os de desprazamento a 0,19 euros/Km en vehículo propio.
- Se cubrirán os gastos de aloxamento se fose necesario e manutención durante a viaxe e de presenza na sede da regata.
- Se cubrirá uns dereitos de arbitraje de 100€/día brutos (+IVA ou os gastos correspondentes no seu caso), de todos os árbitros, xuíces, oficiais de regata e medidores nomeados pola RFGV.

Os clubs deberán facer efectivo o pago das facturas de Xuices e Xurados a RFGV sempre antes da finalización de cada proba ou, no caso de pagar directamente os custos de Xuices e Xurados, abonaranse durante a propia regata.

A.9 ANUNCIOS E INSTRUCCIÓNS DE REGATA

De forma xeral no Anuncio de Regata dos Campionatos Galegos, Copa de Galicia e regatas Clasificatorias, recollerase que son regatas organizadas por delegación da RFGV e incluírase o logotipo desta nos anuncios, carteis, folletos, revistas, prensa, etc., coa mesma categoría que o logotipo do club organizador. Da mesma forma incluírase o logotipo da SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA e FUNDACION DEPORTE GALEGO.

Nas regatas, denominadas Campionatos Galegos, Copas de Galicia ou similar, a obtención de patrocinios por parte do club organizador precisará de conformidade previa da RFGV, en función da



compatibilidade que presente respecto aos patrocinadores que de forma xeral poidan colaborar nas actuacións federativas. Da mesma forma se consensuará as condicións, lugares e orde de prelación na exhibición da publicidade correspondente.

A denominación “Campionato Galego” figurará en primeiro lugar na denominación da regata, seguida po-lo nome da proba (Trofeo..., Regata....).

a.9.1 Os Anuncios e Instrucións de Regatas serán redactados polo Club organizador en colaboración coa RFGV, e aprobadas por esta.

a.9.2 Os Anuncios e Instrucións de Regatas faranse de acordo cos modelos que iran colgando na web da RFGV para cada clase. Para as regatas que formen o circuíto clasificatorio autonómico (Regatas Clasificatorias, Campionatos Galegos e Copas Galicia) será obrigatorio por parte dos clubs que realicen as probas utilizar este formato dende o momento que estean dispoñibles.

a.9.3 Os Anuncios de regata faranse públicos na plataforma oficial da RFGV e enviaráselle aos Secretarios das Clases correspondentes, polo menos con 30 días de antelación ao comezo da competición.

A.10 FORMATO DE COMPETICION, PERCORRIDOS

A.10.1 FORMATOS DE COMPETICION

Os Campionatos, Copas e Regatas Clasificatorias de Galicia programaranse de acordo co seguinte Formato de Competición (Obrigatorio en Campionatos Galegos e Optativo en Copas e regatas Clasificatorias):

Nº embarcacións participantes	Formato	Días competición	Nº de probas
Ata 40	Flota	2 (3 en Ctos. Galegos)	6 (9 en Ctos. Galegos)*
81 ou máis	Grupos		
entre 41 e 80	Calquera dos dous formatos anteriores		



A Clase que por motivos excepcionais teña que celebrar o Campionato Galego en menos de tres días deberán solicitar autorización o Comité Técnico da RFGV.

Para regatas dos Circuitos Clasificatorios de Vela Lixeira, establecece un máximo de permanencia a frote de 5 horas diarias.

a.10.1.1 Clase **Radio control**: poderá programar as regatas cun só día de duración.

a.10.1.2 Clase **Optimist** : **Plantear nuevo sistema**

- Sistema de Clasificación en grupos dividindo a flota en dous grupos para a celebración das regatas clasificatorias:

Grupo Amarelo: determina a clasificación dos primeiros postos.

Grupo Azul: determina a clasificación dende o último clasificado do grupo Amarelo ata o último clasificado.

Dende a primeira regata clasificatoria do ano establecece:

Grupo Amarelo: estará composto ben polos sesenta (60) regatistas segundo o orden do Circuito Clasificatorio da tempada anterior, ou ben polos regatistas que xa figuraban neste grupo o remate da tempada anterior, coa tarxeta de clase da actual tempada. Ditos regatistas pertencerán a este grupo toda a tempada.

Así mesmo consideraranse do grupo amarelo ate o 31 de decembro, aqueles regatistas do ultimo ano con validez na tarxeta de clase da tempada anterior que teñan una clasificación mellor que o último dos que conforman o actual grupo amarelo.

Grupo Azul: os restantes, sempre que teñan participado e finalizado en a lo menos tres regatas autonómicas, a lo menos unha das cales fora do clube do regatista. A primeira inclusión do regatista no circuito autonómico realizárase previa solicitude do seu clube, onde figuren as regatas participadas.

Nas seguintes regatas poderán acceder o grupo amarelo, ata completar o número de oitenta regatistas neste grupo, os cinco



primeiros regatistas no Circuito Clasificatorio actualizado do grupo azul cada vez que complete una regata neste grupo.

- Nas regatas oficiais o Comité de Regatas pode, por razóns de seguridade, non dar saída a auga dos regatistas do Grupo Azul, utilizando para elo o procedemento de comunicación establecido nas Instrucións de Regata.

- Celebrar as mangas clasificatorias diferenciadas para ambos grupos no mesmo campo de regatas con saídas distintas, sendo o primeiro grupo en saír o Grupo Amarelo.

- Faranse dúas clasificacións: unha do grupo de amarelo e outra do azul.

- Se describe a forma de puntuación do Circuito Clasificatorio en C.2.1 Sistema Clasificatorio.

- En todas as regatas puntuables do circuito clasificatorio de optimist:
No grupo Azul:

- Un barco que sexa penalizado pola regra 42 por un xuíz realizará unha penalización tal e como ven fixado no RRV.
- Un barco que volva a ser penalizado pola regra 42, continuará facendo unha penalización en nunca terá que retirarse da proba.

Nos grupos amarelo e azul:

- Para todos os incidentes que un xuíz vexa na auga e que considere que un barco debería penalizarse pitará e levantará unha man para informar da situación. No caso de que ninguén se penalice, o xuíz poderá ser testemuña nunha posible protesta.

Os adestradores non poderán, salvo por causa de forza maior (salvamento), entrar no campo de regatas, debendo esperar a os seus regatistas na zona delimitada de espera (sotavento da liña de saída)

a.10.1.3 Campionato Galego de Optimist por Equipos de Clubs

- Incluírá un máximo de 2 equipos por Clube, tendo que estar cada un deles formados por tripulacións mistas.

- O campión galego será o representante de Galicia no Campionato de España, ou calquera outra proba da especialidade.



- O resto de representantes nestas probas serán seleccionados a criterio técnico pola RFGV.
- O Campionato celebrarase en dous días
- As saídas se realizarán sempre coa bandeira P, ou I como moi restrictiva.

Nº equipos participantes	Formato		
En función das condicións	1ª Rolda	Semifinais	Final
6 o menos (aprox)	Round Robin	4 primeiros de 1ª rolda: 1º Vs 4º 2º Vs 3º	Ganador Semifinal 1 Vs Ganador Semifinal 2
6 o más	2 Grupos Round Robin por grupo	2 primeiros de cada grupo 1º A Vs 2º B 1º B Vs 2º A	Ganador Semifinal 1 Vs Ganador Semifinal 2

* En función do parte e do tempo dispoñible, o Comité de Regatas decidirá o paso ou non dende o Round Robin ás semifinais ou a final e o número de enfrontamentos destas últimas fases.

* Esta decisión deberá ser sempre acordada coa dirección técnica da RFGV.

A.10.2 PERCORRIDOS

Tódalas regatas integradas no Calendario Oficial da RFGV deberán facer percorridos similares o iguais aos expostos no Anexo III.

No caso de celebrarse no mesmo campo de regatas probas de mais duna clase, se correrán no percorrido indicado para a clase con a proba de maior nivel, si son do mesmo nivel o percorrido da flota con maior número de inscritos confirmados.



A.11 PLATAFORMA OFICIAL DE XESTIÓN E RESULTADOS

A RFGV soamente será aceptará a información da actividade que realicen os clubs a través da plataforma.

a.11.1 O uso da plataforma oficial é obrigatorio para tódalas regatas oficiais.

a.11.2 Para todas estas regatas se utiliza-la plataforma para:

- Publicar o Anuncio de Regata
- Solicitar e Publicar os nomeamentos dos comités
- Realizar as inscricións dos participantes
- Publicar as Instrucións de Regata
- Xestionar, actualizar e publicar os resultados, dentro do prazo establecido para publicación dos mesmos
- Cerrar a regata, coa clasificación final

a.11.3 As únicas clasificacións oficiais das regatas oficiais serán as publicadas na plataforma oficial da RFGV. Se non se publican as clasificacións, a regata nunca darase por celebrada.

a.11.4 As clasificacións dos Circuitos Clasificatorios oficiais da RFGV serán os publicados e actualizados na plataforma oficial da RFGV. Estas clasificacións se actualizarán automaticamente cando se pechen as regatas clasificatorias.

a.11.5 En tódalas regatas sinaladas no apartado a.3.2, unha vez rematados os prazos de protestas e de todas as posibles reclamacións, coa clasificación final publicada no TOA deberá pecharse a regata na plataforma oficial.

Unha vez a regata estea pechada, non se poderá modificar sen solicitude e autorización expresa da RFGV.

a.11.6 A plataforma contabilizará para cada club os puntos segundo o regulamento de baremo, e o actualizará de forma automática, sendo imprescindible introducir todos os datos das regatas.

a. 11. 7 Soamente os datos que estén na plataforma servirán como referencia para a concesión dos premios da Gala da Vela.

A.12 ADESTRADORES EN COMPETICIÓNS

a.12.1 Para que un adestrador se poda inscribir nas regatas oficiais da RFGV será obrigatorio que cumpra coas seguintes cuestións:

- a) Titulación adecuada acorde a categoría da regata (ver punto a.12.3)
- b) Licenza de técnico en vigor, que reflexe a titulación necesaria.
- c) Titulación necesaria para o manexo da embarcación a motor que vai a utilizar na regata.

a.12.2 Nas regatas oficiais da RFGV e obrigatorio a inscrición dun adestrador por club, cando os equipos os formen regatistas infantís ou xuvenís (menores de idade), e se cumprirán os ratios establecidos segundo a clase. (ver táboa do punto a.12.4). Se os regatistas menores non os inscribe un adestrador responsable, que cumpra co punto a.12.1 e ca táboa do punto a.12.4, estes regatistas non poderán ser inscritos na regata.

a.12.3 As titulacións dos adestradores para as regatas oficiais serán como mínimo nivel 1 ou equivalente.

A titulación terá que ser propia para cada modalidade de regatas: Vela lixeira, Cruceiro, Táboa de deslizamento a vela, Kiteboarding e Vela Adaptada.

a.12.4 Se algún adestrador non cumpre co indicado no punto a.12.1 outro adestrador poderá facerse cargo sempre que se cumpran as seguinte indicacións:

- Para cada regata oficial o adestrador firmará no momento da inscrición o consentimento de que será o adestrador responsable dos rapaces, con todas as súas consecuencias, tanto dos propios regatistas como dos xefes de equipo ou adestradores sen a titulación e licenza axeitada do equipo/club que asume.
- O numero total de regatistas por adestrador, incluíndo os que asume, non superara o seguinte ratio de adestrador/regatista:

Nivel	Optimist	Clase Individual Infantil	Clase Dobre Infantil	Clase Xuvenil Individual	Clase Xuvenil Dobre
1	Máximo 5 regatistas	Máximo 5 regatistas	Máx 3 barcos	Máximo 5 regatistas	Máx 3 barcos
2 ou superior	Máximo 10 regatistas	Máximo 10 regatistas	Máx 5 barcos	Máximo 10 regatistas	Máx 5 barcos



Notas:

- Mentres non se implante a táboa do punto a.12.4 o ratio de alumnos se equipara entre o Nivel 1 e o Nivel 2, e equivalentes.
- No caso de ir varios adestradores o numero total dos mesmos sumárase tendo en conta esta titulación sempre que sexa da mesma especialidade. En caso de que o axudante teña a titulación de Auxiliar en Vela e teña licenza de Técnico auxiliar, incrementarase nun máximo de 3 regatistas en clases individuais e 2 barcos en clases dobres. Un adestrador con titulación de Auxiliar en Vela e licenza de Técnico auxiliar non poderá inscribirse nunha regata oficial por si mesmo, sen un adestrador con titulación de Nivel 1, Nivel 2, superior e equivalentes.
- No caso de que un clube xustifique a imposibilidade de ter un adestrador N1, poderá utilizar un técnico auxiliar en vela co mesmo ratio que N1, sempre que este auxiliar fixera ou vaia facer a inscrición no curso N1 pertinente. No caso en que non se presente na formación, non poderá continuar asistindo con esta condición ás regatas.

a.12.5 No caso de non ter o adestrador titulado e non cumprir algún dos requisitos indicados nos puntos anteriores non se inscribirá a ningún regatista menor de idade na regata en cuestión.



B.- SECTORES E CLASES

B.1 SECTORES

A área deportiva da RFGV estrutúrase nos seguintes Sectores:

- a) Vela Lixeira que regula as actividades das embarcacións pertencentes as Clases monotipos recoñecidas e rexidas polas respectivas regras de Clase.
- b) Cruceiro, que regula a actividade das embarcacións que se rixen polas regras de handicap recoñecidas ou monotipos con habitabilidade.
- c) Vela clásica, que regula as actividades das embarcacións cunha antigüidade igual ou superior a 40 anos, ou todas aquelas embarcacións incluídas pola RFGV, dentro dos seus respectivos sectores anteriores.

A área non deportiva da RFGV ten o seguinte sector:

- Vela de Lecer.

B.2 REPRESENTACION E ADMINISTRACION DOS SECTORES

b.2.1 Comités: Son órganos colexiados de asesoramento e apoio á Xunta Directiva da RFGV, constituídos por esta para mellor administración dos Sectores recoñecidos.

Tales Comités son:

- Comité de Vela Lixeira.
- Comité de Cruceiros.
- Comité de Vela de Lecer.

b.2.2 O Presidente de cada Comité será nomeado polo Presidente da RFGV

Os membros dos Comités serán nomeados polo seu Presidente. Son membros natos de cada Comité os Secretarios das Clases recoñecidas pola RFGV

b.2.3 Salvo delegación expresa da Xunta Directiva ou do Presidente da RFGV os Comités non terán facultades decisorias.



B.3 RECOÑECIMENTO DE CLASES

b.3.1 Para que unha Clase sexa considerada como tal e poida integrarse na estrutura deportiva federativa, deberá ser previamente recoñecida pola RFGV de acordo co establecido nos puntos seguintes:

b.3.2 O recoñecemento dunha Clase, ou a súa perda, efectuarase pola Xunta Directiva da RFGV, por proposta do Comité correspondente, despois de transcorridos doce meses de ter actividade ou competición de maneira sostida.

b.3.3 Os recoñecementos caducarán o 30 de Novembro do ano seguinte a aquel en que se recoñeceu ou modificou a categoría da Clase. Os recoñecementos e as categorías serán revisados e prorrogados en función da actividade e resultados habidos en tal período e das perspectivas de futuro que presenten.

b.3.4 A Xunta Directiva da RFGV pode retirar o recoñecemento ou a categoría en calquera momento dentro do período sinalado se a Clase non alcanzase de os seguintes requisitos:

- a) Celebrar anualmente polo menos catro regatas en tres Clubs diferentes cunha participación media de 10 participantes en cada regata.

- b) Excepcionalmente, aquelas Clases cunha implantación en número de Clubs inferior ao indicado na letra anterior que contén cunha media de 10 practicantes, ou unha considerable tradición e arraigamento na súa zona de implantación e/ou contribúan de xeito importante ao desenvolvemento e popularización do deporte de vela na súa zona.

Este recoñecemento leva consigo a súa inclusión nalgunha das clases e categorías que se sinalan a continuación.

b.3.5 Categorías

- a) Dentro de cada clase, distinganse as categorías recoñecidas pola RFEV para cada unha delas. Para o recoñecemento dunha categoría debe cumprirse:
 - 8 embarcacións de esa categoría de o menos dous clubs distintos e navegando ou competindo durante os 12 meses anteriores.



- Para categoría de xénero, o mínimo serán 4 embarcacións.
- b) Para que unha categoría dentro dunha clase estea contemplada dentro do ranking, debe cumprirse o anterior no 80% das probas do ranking.
- c) Os criterios de formación de categorías poden verse modificados por decisión da RFGV.

B.4 CADRO DE CLASES

b.4.1 CLASES OLÍMPICAS

Aquelas nas que haxa tripulacións da comunidade loitando por un posto nos equipos preolímpicos e/ou olímpicos da RFEV.

b.4.2 CLASES NON OLÍMPICAS

Aquelas clases recoñecidas pola RFGV, distínguense as sinaladas no Anexo I.

B.5 EFECTOS DO RECOÑECIMENTO DUNHA CLASE OU SECTOR

b.5.1 As Clases e os Sectores deportivos teñen dereito a celebrar anualmente o Campionato Galego e a Copa de Galicia, así como enviar un equipo oficial aos campionatos nacionais de carácter oficial, coa asistencia técnica e económica que estableza a RFGV.

b.5.2 O Campionato Galego e Copa Galicia soamente terá un título por clase, e soamente poderá constar de dúas categorías de xénero. O resto das categorías formadas non se terán en conta para estes títulos, a non ser que cumbran o punto b.4.5c)

b.5.3 As Clases poderán, ademais, ser cualificadas como xuvenís, estratéxicas, de promoción, etc., ou calquera outra denominación que determine a Xunta Directiva da RFGV en función da política deportiva que adopte. Tal cualificación levará consigo os efectos que se precisen na decisión cualificativa.



B.6 REGRAS DE CLASE / SECTOR

b.6.1 As modificacións ás Regras de Clase nas regatas incluídas no Calendario Oficial da RFGV, precisarán de previa autorización do Comité Correspondente de RFGV.

b.6.2 As regras das Clases e Sectores que non sexan nacionais / internacionais e as súas modificacións, serán aprobadas ou ratificadas pola RFGV

b.6.3 As regras de campionatos, instrucións xerais de regatas e calquera outra norma de carácter técnico emanada dunha Clase ou Sector, deberán ser aprobadas pola RFGV

b.6.4 Será requisito indispensable para poder participar nas regatas clasificatorias, Campionatos e Copas de Galicia, estar en posesión da tarxeta da Clase do ano en que se celebre. A regulación de este punto correspóndelle o secretario autonómico de cada clase.

B.7 REPRESENTACION E ADMINISTRACION DAS CLASES

b.7.1 Representación

As Clases recoñecidas estarán representadas nas súas relacións coa RFGV, Clubs e calquera outra entidade ou autoridade deportiva polos Secretarios de Clase.

Cada Clase terá un Secretario de Clase. Non obstante, o Presidente da RFGV poderá decidir que haxa un mesmo Secretario para varias Clases cando o número de navegantes ou outras razóns de eficacia así o aconsellen.

O Secretario da Clase será nomeado e cesado polo Presidente da RFGV.

A asociación de propietarios se a houbese ou do colectivo de deportistas que participen no Campionato Galego da súa clase e coincidindo coa súa celebración, poderán propoñer un representante á RFGV como Secretario de Clase.

b.7.2 Funcións do Secretario de Clase

- a) Representa a RFGV dentro da asociación ou colectivo de deportistas da clase. Colabora coa RFGV no cumprimento



- dos regulamentos e nas políticas deportivas que se leven a cabo.
- b) Representa á Clase no Comité federativo correspondente e canaliza as propostas emanadas dos deportistas da Clase e das Asociacións de Propietarios.
 - c) Xestiona as actividades das Clases de acordo coas súas normas internacionais e no marco de toda a regulamentación promulgada pola RFGV e RFEV coidando da correcta execución dos acordos da Xunta Directiva e do Comité correspondente, e da promoción e difusión da súa Clase mantendo relacións constantes e fluídas cos representantes das Clases recoñecidas pola RFEV.
 - d) Propón o calendario de regatas e actividades da Clase en Galicia, e informa acerca do lugar e data de celebración das Copas e Campionatos nacionais e outras regatas nacionais e internacionais.
Avalará a todos os clubs que teñan os medios necesarios para a celebración de regatas clasificatorias e soliciten unha proba. No caso de ter varias solicitudes, indicará a preferencia da Clase.
 - e) Manterá relacións coas respectivas organizacións nacionais, de existir, informando a RFGV dos temas tratados e as decisións adoptadas. No exercicio desta actividade coidará de defender os intereses de política deportiva da RFGV, para o que solicitará previamente a opinión do Comité federativo correspondente.
 - f) Colaborará cos distintos Comités federativos nas cuestións técnicas propias da clase.
 - g) Poderá realizar, ademais cantas funcións lle encomende a RFGV.

b.7.3 Asociación de Regatistas de Clase:

A RFGV pode recoñecer Asociacións que agrupen deportistas dunha Clase recoñecida coa finalidade de promover e difundir as súas actividades, así como servir de canle de participación aos deportistas nas cuestións federativas que os afecten.



As Asociacións de regatistas de clase rexeranse por Estatutos, que non poderán contradicir os Estatutos e Regulamentacións da RFGV. O funcionamento das Asociacións deberá ser democrático e non efectuarán discriminación ningunha para admitir asociados. Os Estatutos das Asociacións, así como as súas modificacións, deben ser aprobados pola RFGV

As Asociacións de regatistas de clase aprobadas pola RFGV teñen o dereito de propoñer o Secretario de Clase.



C.- SISTEMA DE SELECCIÓN E CLASIFICACIÓN

C.1 CLASES NON OLÍMPICAS

SELECCIÓN GALEGAS DE VELA (SGV)

Os equipos das Seleccións Galegas, en representación da RFGV, para participar nos Campionatos de España, regatas nacionais ou internacionais estarán formados por un número de tripulacións que para cada unha das clases se indican máis abaixo.

Para que se forme a SGV nunha clase e/ou categoría, e os regatistas opten as axudas establecidas pola RFGV, a clase debe cumprir o seguinte requisito:

- Mínimo de 10 barcos participantes no 80% das probas do Sistema Clasificador Galego.

Para formar a SGV en clases absolutas e con Circuito Clasificador anual, sempre se collerán como mínimo as 3 regatas clasificatorias previas a convocatoria.

C.1.1 SISTEMA CLASIFICATORIO

Os compoñentes da SGV de cada clase obtéñense da puntuación total obtida no Circuito de Clasificación.

O sistema estará baseado nos seguintes puntos:

- a) As probas que compoñen o Circuito de Clasificación serán o Campionato Galego e as probas Clasificadorias de cada Clase que figuren no Calendario Oficial da RFGV. Terán de ser un mínimo de tres e recomendase catro.
- b) Sempre terá que haber unha clasificación do Circuito Clasificador Galego.
- c) De cada regata de clasificación sairán dúas puntuacións: puntuación por probas e puntuación por clasificación.
- d) En cada proba dunha regata de clasificación recibirán puntuación soamente o primeiro 50% dos patróns do total que houberan confirmado a inscrición. No caso de división non



exacta tomarase o número enteiro mais preto. No caso de 0,5 aproximarase o enteiro superior.

Esta puntuación se asignará da seguinte maneira: o último clasificado dentro de ese 50% de cada manga recibirá 1 punto, o penúltimo recibirá 2 puntos, e así ata o primeiro clasificado da proba, que recibirá a puntuación máxima correspondente o número de barcos dentro de ese 50%.

- e) Cando a regata teña 55 ou máis regatistas que confirmaran a inscrición, puntuarán sempre os 35 primeiros.
Exemplo 1:
Nunha regata con 20 barcos inscritos e confirmados, o 50% serían 10. En cada proba, o 10º clasificado recibirá 1 punto, o 9º clasificado 2 puntos e así ata o 1º que recibirá 10 puntos.
Exemplo 2: Caso Optimist
Nunha regata que teña 60, 70 ou 80 barcos inscritos e confirmados, puntuarán sempre os 35 primeiros de cada proba, conseguindo 1 punto o 35 e 35 puntos o primeiro.
- f) O rematar cada regata clasificatoria e coa clasificación final oficial, se asignarán os puntos de clasificación, tendo o último clasificado 1 punto, o penúltimo 2 puntos e así ata o primeiro clasificado que conseguirá un número de puntos igual o número de inscritos confirmados na regata.
- g) Despois de cada regata se sumarán os puntos de probas e os puntos de clasificación, obtendo a puntuación total dun barco para o Circuito Clasificatorio nesa regata.
- h) A suma dos puntos totais de cada regata de clasificación será a puntuación dunha embarcación no Circuito Clasificatorio.
- i) Na clase Optimist teremos dous Circuitos clasificatorios: Amarelo e Azul. O Circuito clasificatorio xeral será a unión dos dous Circuitos sendo o primeiro do azul o seguinte do último do amarelo.
- j) Na clase optimist, cando se produza un ascenso do grupo azul o grupo amarelo, a puntuación dos ascendidos será 0 puntos.



- k) Si se confirma a inscrición xa pasa a formar parte do Circuito Clasificadorio Galego.
- l) No caso de non asistir a unha regata, o regatista non sumará ningún punto de esa regata.
- m) En caso de empate no Circuito Clasificadorio, se utilizará o sistema do RRV para aplicar o desempate.
- n) Cando nunha regata de clasificación participen embarcacións de outras comunidades ou países, estas non aparecerán no Circuito Clasificadorio galego, pero si contarán as súas puntuacións.
- o) RDG: O comité técnico da Federación poderá dar un RDG (puntuación media outorgada de todas as probas realizadas ao longo do Circuito Clasificadorio realizado) ao interesado sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:
 - Petición formal polo interesado anterior a proba a que se vai a faltar, motivada por:
 - Acudir a una proba de maior interese (europeo, mundial...) ou probas pertencentes ao sistema de clasificacións para equipos estatais.
 - Motivos de caso maior.
 - Esta puntuación media se aplicará da seguinte forma:
 - Media aritmética dos postos obtidos en todas as probas disputadas. Esta posición se redondeará o número enteiro máis preto, no caso de 0,5 o superior.
- p) No caso de que algún participante dunha regata dalgún circuito clasificatorio non indentifique correctamente o seu número de vela na inscrición, será penalizado con 2 puntos por proba celebrada, ata o momento que se corrixa a situación.
- q) Da clasificación do Circuito Clasificadorio sacarase os compoñentes da SGV, segundo as particularidades de cada Clase que se definen a continuación, coas vantaxes detalladas no punto C.2.2



C.1.1.1 Clase Optimist

a) Establécense 2 categorías no Circuito Clasificatorio Galego da Clase:

- Categoría sub13, Masculina e Feminina
- Categoría sub16, Masculina e Feminina

b) Calendario de tempada autonómica, do 1 de xullo ao 30 de xuño do ano seguinte. A Selección Galega se formará cos resultados do Circuito Clasificatorio actualizados coa última proba previa a cada convocatoria.

c) O calendario de regatas adecuarase de forma que a tempada competitiva sexa o máis extensa posible. As regatas do Circuito Clasificatorio galego (Clasificatorias, Campionato Galego e Copa Galicia) estarán separadas no calendario e distribuídas de maneira proporcional.

A última regata clasificatoria da tempada será sempre previa a última proba da tempada nacional.

C.1.1.1.1 Selección Galega

Serán os representantes da RFGV na Copa e no Campionato de España. Estará formada por:

a). Se cumprirán os requisitos especificados pola RFEV para a participación nos campionatos e copas nacionais (% de regatistas sub13 e % de regatistas femininas dentro do equipo. Postos complementarios, se unha regatista femia é sub13 ocupará ambas prazas).

b). 15% de prazas de criterio técnico segundo as prazas concedidas pola RFEV. Se o número resultante é decimal, aproximarase ao número enteiro mais preto, se é 5, aproximarase ao enteiro superior.

c). Unha vez cumpridos cos requisitos da RFEV e as prazas de criterio técnico, o resto das prazas concedidas pola RFEV se asignaran po la puntuación no Circuito Clasificatorio.



*Os regatistas de último ano que non queden mellor do 50% da clasificación xeral da primeira regata nacional, poderán ser reemprazados na Selección Galega por outros a criterio técnico.

C.1.1.1.2

Dentro da Selección Galega de Optimist, distinguiranse os grupo seguintes:

a) **Equipo Galego de Tecnificación:**

Formado por:

3 primeiros regatistas do Circuito Clasificadorio

2 primeiras regatistas femias

2 primeiros regatistas sub13

1 praza a criterio técnico

Notas:

- Se dentro dos 3 primeiros do Circuito Clasificadorio existe 1 regatista femia, a praza pasará o seguinte clasificado do Circuito Clasificadorio e así sucesivamente.

- Postos complementarios, se unha regatista femia é sub13 ocupará ambas prazas, entón se correrá una praza mais no Circuito Clasificadorio.

Este Equipo Galego de Tecnificación de Optimist, que se formará co Circuito Clasificadorio actualizado despois de cada regata puntuable, estará convocado pola RFGV para cumprir co programa de tecnificación establecido para a tempada, coas actividades planificadas.

Por motivos estratéxicos e deportivos, este Equipo Galego de Tecnificación poderá verse aumentado ou diminuído a criterio técnico. A formación da Selección Galega e do Equipo de Tecnificación se realizará co Circuito Clasificadorio oficial resultante das regatas previas as convocatorias.

b) **Equipo AGCIO**, formado por:

- Resto dos integrantes da Selección Galega de Optimist.



C.1.1.2 Clase 420

- Circuito Clasificatorio de tempada autonómica, do 1 de xullo ao 30 de xuño do ano seguinte. A Selección Galega se formará cos resultados do Circuito Clasificatorio actualizados coa última proba previa a cada convocatoria.

- O calendario de regatas adecuarase de forma que a tempada competitiva sexa o máis extensa posible. As regatas do Circuito galego (Clasificatorias e Campionato Galego) estarán separadas no calendario e distribuídas de maneira proporcional.

- As categorías establecidas serán:

- sub19 masculino e feminino
- sub17 masculino e feminino

- Coa última regata do Circuito Clasificatorio, se formará a Selección Galega, que acudirá a competir no Circuito Clasificatorio nacional.

- Selección Galega:

- 1 clasificado masculino sub19
- 1 clasificada feminina sub19
- 1 a criterio técnico

- As prazas a criterio técnico poden verse incrementadas en función dos medios da RFGV e das condicións dos regatistas.

C.1.1.3 ILCA

- Circuito Clasificatorio de tempada autonómica, do 1 de xullo ao 30 de xuño do ano seguinte. A Selección Galega se formará cos resultados do Circuito Clasificatorio actualizados coa última proba previa a cada convocatoria.

- O calendario de regatas adecuarase de forma que a tempada competitiva sexa o máis extensa posible. As regatas do Circuito galego (Clasificatorias e Campionato Galego) estarán separadas no calendario e distribuídas de maneira proporcional.

- As categorías establecidas serán:



- ILCA 4:
 - sub16
 - sub18
- ILCA 6:
 - sub 19
 - sub21
 - absoluto
- ILCA 7:
 - Sub 21
 - Absoluto
 - Master

• Coa última regata do Circuito Clasificador, se formará a Selección Galega, que acudirá a competir no Circuito Clasificador nacional, debendo dispor todos os seus componentes do material dacordo co reglamento internacional da clase.

- Para todas as probas **QUE SE CELEBREN EN GALICIA** se permitirá a participación con embarcacións tipo TLC, que non cumpran a normativa de clase ILCA, pero si con todas as especificacións en medidas e materiais.

- Se permitirá a participación de **regatistas femininas senior na clase ILCA 4** coas seguintes condicións:

- As deportistas senior navegarán na mesma saída que o resto de regatistas de ILCA 4, pero se elaborarán clasificacións separadas.
- Estas deportistas non serán elixibles para participar nos programas da Selección Galega de Vela.
- As deportistas deberán demostrar acadar un peso inferior a 65kg en calquera momento que se lles sexa requirido.

• Selección Galega:

ILCA 4:

1º e 1ª clasificados sub 16

1º e 1ª clasificados sub 18

2 prazas a criterio técnico.

- As prazas a criterio técnico pode verse incrementada ou diminuídas en función dos medios da RFGV e das condicións dos regatistas.



ILCA 6

1º e 1ª clasificados sub 19

1º e 1ª clasificados sub 21

2 prazas a criterio técnico.

▪ As prazas a criterio técnico pode verse incrementadas ou diminuídas en función dos medios da RFGV e das condicións dos regatistas.

ILCA 6 Absoluto

-2 primeiros clasificados do Circuito Clasificadorio

Esta SGV se formará si se cumpren os mínimos para a SGV sen contar os regatistas sub21.

ILCA 7:

- 2 primeiros clasificados do Circuito Clasificadorio

- Se houbera formada categoría máster, 2 primeiros clasificados para campionatos máster.

C.1.1.4 Windsurf

- Circuito Clasificadorio de tempada autonómica, do 1 de xullo ao 30 de xuño do ano seguinte.

- A Selección Galega se formará cos resultados do Circuito Clasificadorio actualizados coa última proba previa a cada convocatoria.

- O calendario de regatas adecuarase de forma que a tempada competitiva sexa o máis extensa posible. As regatas do Circuito galego (Clasificadorias e Campionato Galego) estarán separadas no calendario e distribuídas de maneira proporcional.

Establécense as seguintes clases dentro do Windsurf:

- Techno 293
 - Categorías sub 13, sub15 e sub17, masculino e feminina
- IQFoil
 - Categoría sub17, sub19 e sub 21, masculino e feminina
- Raceboard
- Fórmula Foil*

*NOTAS:



- Pola presente selección de World Sailing do iQFoil como clase de windsurf olímpica para París 2024, a partir do ano 2020 establécese en Galicia a Fórmula Foil e o iQFoil como clase estratéxica.
- As regatas clasificatorias serán compartidas coas regatas clasificatorias de todas as clases de windsurf.
- Se utilizarán as regras de clase de Fórmula Windsurfing.
- Será obrigatorio o uso de casco mentres se estea a flote.
- Se establecen as seguintes categorías, masculino e feminino:
 - Absoluto (modalidade e regras clases olímpicas)
 - Junior sub21
 - Xuvenil sub19
- Selección Galega:

Techno 293 e iQFoil sub19

- 1º e 1ª Techno sub15
- 1º e 1ª Techno sub17
- 1º e 1ª iQFoil sub17
- 1º e 1ª iQFoil sub19
- Poderase contemplar algunha plaza a criterio técnico*

Fórmula Foil

- 1 clasificado masculino sub21
- 1 clasificada feminina sub21
- 1 praza a criterio técnico*

(*)As prazas a criterio técnico poden verse incrementadas diminuídas en función dos medios da RFGV e das condicións dos regatistas.

Raceboard

- 1 clasificado Raceboard*

*Sempre que se cumpran os criterios para que se forme a SGV

C.1.1.5 Clases Snipe

- Circuito Clasificatorio de ano natural.
- Formación da Selección Galega co Circuito Clasificatorio oficial resultante das regatas previas as competicións nacionais.
- No caso de ter unha proba nacional cercana o inicio de ano, se collerán como mínimo as 3 regatas previas a esta proba, para a formación de esta Selección Galega.



Selección Galega:

- 4 primeiros clasificados.
- Se houbera formada a categoría xuvenil ou feminina se reservaría unha praza para o primeiro de cada unha.
- Se houbera formada categoría máster, 2 primeiros clasificados para campionatos máster.
- Se houbera formada categoría sub23, 2 primeiros clasificados para campionatos sub23.

C.1.1.6 Clases Vaurien

- Circuito Clasificadorio de tempada autonómica, do 1 de xullo ao 30 de xuño do ano seguinte.
- Formación da Selección Galega co Circuito Clasificadorio oficial resultante das regatas previas as competicións nacionais.
- No caso de ter unha proba nacional cercana o inicio de tempada, se collerán como mínimo as 3 regatas previas a esta proba, para a formación de esta Selección Galega.

Selección Galega sub23:

- 1º tripulación sub23.
- 1º e 1ª tripulación sub19.
- 1º tripulación sub17.

Selección Galega Absoluta:

- 2 primeiras tripulacións
- 1ª tripulación feminina
- No caso de que unha tripulación feminina estea nas 2 primeiras, corre praza o seguinte.

C.1.1.7 Clase Kitesurf

- Se establece a clase Kitesurf coas seguintes modalidades:
 - Twintip
 - Strapless
 - Foil
- Todas as probas que se celebren en Galicia de categoría autonómica formarán parte do Circuito Clasificadorio.
 - Deberá cumprirse un mínimo de 8 participantes por categoría.
- A Selección Galega para asistir a probas nacionais se formará segundo os resultados no Circuito Clasificadorio, a criterio técnico da RFGV e de acordo coa secretaría de clase.
- As axudas para asistencia das SGV ás probas nacionais se establecerán previamente antes de cada proba.
- Nas modalidades con foil todos os deportistas deben navegar sempre con casco.



C.1.2 AXUDAS SGV

Todas as axudas sempre irán suxeitas os presupostos aprobados da RFGV. Poderán verse aumentadas ou diminuídas en función dos mesmos.

Para poder optar as Axudas establecidas anteriormente, os integrantes das distintas Seleccións Galegas de Vela deberán inscribirse nas regatas con nome de **"RFGV-DEPORTE GALEGO"**. Ademais, deben asegurarse de que este nome aparece co do seu barco na clasificación final da regata

Un cadro de axudas específico por clase e tipo de competición poderá ser publicado e aprobado pola RFGV, unha vez estean aprobados os presupostos e previstas as axudas.

Poderán ser de dous tipos

- **Non Económicas:**

As seguintes clases terán dereito a adestrador, adestramentos, pago das inscricións, desprazamento e concentracións do equipo:

- Optimist
- ILCA 4 e 6 Sub 21
- 420
- Windsurf (Techno 293 e IQFoil sub 21)
- Vaurien sub23

Os gastos dos regatistas que non cubra a Federación deberán ser pagados antes do prazo estipulado.

- **Económicas:**

As subvencións para as SGV das clases:

- ILCA 6 absoluto
- ILCA 7
- Snipe
- Vaurien
- Foil e Raceboard

quedaran distribuídas da seguinte maneira:

- Copas e Campionatos de España ~~dentro da Comunidade~~ celebrados nun club que se atope a unha distancia inferior a 80km do club do deportista, a RFGV farase cargo das inscricións.

- Copas e Campionatos ~~nacionais fora da comunidade~~ de España que se celebren nun club que se atope a unha distancia superior a 80km do club do deportista: Darase una subvención para cada tripulación da SGV. Esta subvención non excederá dos 300€/barco en



clases dobres e 150€/barco en clases individuais, sempre que asistan a competición. No caso de que algunha embarcación clasificada non acuda a regata non se correrá praza.

- Campionatos do Mundo e Campionatos de Europa oficiais: Darase unha subvención polo importe da inscrición.

- Poderán solicitar adestramentos co equipo técnico da RFGV, a través do Secretario da clase.

- Tódalas tripulacións con dereito a subvención económica deberán presentar na Administración da RFGV **no prazo máximo de 15 días posterior á competición** a seguinte documentación:

- Folla de liquidación **ORIXINAL** cuberta cos datos persoais dos regatistas, da regata, número de conta e **FIRMADA** polo interesado.
 - Facturas e xustificantes de pago **ORIXINAIS** dos gastos sen tachaduras, e dos comprobantes de pago.

C.1.2.1 Optimist

Dentro das axudas da Selección Galega de Optimist para acudir a Copa e Campionato de España, distinguíranse dous grupos:

a) Equipo Galego de Tecnificación

- Organización da expedición
- Selección de adestradores
- Inscricións
- Gastos da expedición segundo presuposto para cada regata.

b) Resto dos integrantes da Selección Galega de Optimist.

- Organización da expedición
- Selección de adestradores
- Inscricións

C.1.3 CÓDIGO ÉTICO

- As tripulacións e adestradores pertencentes as Seleccións Galegas convértese en representantes de Galicia e de todos os seus organismos oficiais implicados a todos os niveis. Esta representatividade leva consigo un comportamento acorde nos seus hábitos cos dun atleta de alta competición.

- Compañeirismo e apoio entre todos os membros da Selección Galega, deportistas e técnicos.

- Respecto ao técnico responsable dos adestramentos e das competicións, acatar as súas normas e as súas decisións.

- Hábitos atléticos:

- 8 horas de descanso mínimas (durmir) nos días de actividade programada.



- Ausencia de alcohol, tabaco e outras drogas.
- Non haberá comportamentos lesivos nin negativos sobre os compañeiros do equipo, os técnicos, as instalacións, material ou imaxe da RFGV.
- Uniformidade coas prendas proporcionadas ás tripulacións e adestradores pola RFGV, cando sexan solicitadas para asistir aos actos oficiais (Reparticións de premios e actos protocolarios que sinale a RFGV).

C.1.4 PUNTOS EXCLUINTES PARA FORMAR PARTE DAS SELECCIONS GALEGAS

- a) Non acudir a unha convocatoria para un Campionato ou Copa de España.
- b) Non acudir, sen causa xustificada e acreditada de forza maior, a un adestramento ou unha competición coa Selección Galega da clase correspondente.
- c) Non realizar o 80% das regatas clasificatorias do Circuito Clasificador galego.
- d) A non asistencia ao Campionato Galego da súa clase.
- e) Incumprir o Código Ético.

C.1.5 CONDICIÓN S PARA PARTICIPAR EN CAMPIONATOS E COPAS DE ESPAÑA

- Para poder participar nunha Copa ou Campionato de España, aínda que sexan abertos, será obrigatorio participar no Campionato Galego da clase correspondente.
 - Para as clases Optimist, 420, Láser 4.7, Radial e Windsurf (Techno 293 e F. Foil) será obrigatorio participar no 80% das probas do Circuito Clasificador.
 - Os regatistas integrantes no Equipo Preolímpico Galego, debido a súa actividade competitiva, terán a aprobación da RFGV para participar nas regatas nacionais de outras clases, sen cumprir este requisito.
 - A RFGV poderá por causas excepcionais autorizar a participación a tripulacións que non cumpran os puntos anteriores, baixo solicitude.

C.1.6 DESPRAZAMENTOS

- Faranse acordo a seguridade dos regatistas e o descanso do adestrador.
- No caso de haber algunha praza valeira, o equipo técnico da RFGV determinara se hai alguén a desprazar.
- A RFGV non se fai cargo do desprazamento ni da manutención



dos regatistas a sede do adestramento.

- A RFGV non se fará cargo dos posibles desperfectos, danos ou perdas de material durante os desprazamentos.

- Para o desprazamento da Selección Galega é obrigatorio o seguinte:

- Pertencer a Selección Galega
- Ter Seguro da embarcación
- Presentar a plantilla de transporte da RFGV (1)
- No caso de ser menor de idade, autorización paterna na plantilla da RFGV (2).

(1) Documento autorización transporte embarcacións

(2) Autorización Menores

En Web RFGV –Documentación

Blog do Centro Galego de Vela – Documentos

C.1.7 ADESTRAMENTOS

Os adestramentos da Federación Galega de Vela terán como base principal o Centro Galego de Vela, quedando por decisión técnica o cambio de base de adestramento.

Serán obrigatorios para os compoñentes das Seleccións Galegas.

C.1.7.1 REGULAMENTO ADESTRAMENTO CGV:

- A duración e datas dos adestramentos será especificada na súa convocatoria.

- Domingo: Adestramento matinal para posterior recollida material e do CGV.

- Nos meses de Xullo e Agosto os adestramentos serán de Luns a Xoves.

- As embarcacións abandonarán o CGV co remate do adestramento, excepto expresa autorización do equipo técnico, sendo cada caso particular.

- Cederase aloxamento previa solicitude por escrito ao responsable da clase, con 2 semanas de antelación. Os gastos de aloxamento no centro serán subvencionados para os regatistas pertencentes a Selección Galega da súa clase.

- Os deportistas someteranse as normativas de uso do CGV.

- As Clases con deportistas menores de 18 anos estarán acompañadas de a lo menos un responsable, acordado ca clase, que deberá facerse cargo do grupo fora do horario de adestramentos. Para durmir deben estar acompañados dun responsable nocturno. Este responsable pode ser proporcionado pola RFGV e os regatistas ou a clase deben cubrir o seu custo.



- Poderán asistir os adestramentos da RFGV todos aqueles técnicos que estean interesados, sempre de forma gratuíta.

- Tódolos deportistas deberán facer un uso correcto das instalacións, respectando a normativa e os horarios do Centro Galego de Vela, e comportándose de acordo coas normas de boa educación, subliñando o respecto os compañeiros da Selección, Equipo Técnico e material do Centro Galego de Vela.

O incumprimento deste último parágrafo poderá traer consigo medidas disciplinarias, incluíndo a exclusión temporal ou definitiva da Selección Galega de Vela.

C.1.7.2 PRAZAS DE ADESTRAMENTOS

Para os adestramentos, o equipo técnico da RFGV seleccionará mediante unha convocatoria oficial o número de regatistas que considere oportuno en función dos obxectivos deportivos do adestramento en cuestión. Esta convocatoria distribuirase a través dos Secretarios de Clase e dos Clubs dos regatistas.

C.2 CLASES OLÍMPICAS

SISTEMA CLASIFICACIÓN

O Equipo Preolímpico Galego estará formado polos deportistas seleccionados polo Equipo Técnico da RFGV e que cumpran os seguintes criterios:

- a) Cumprir cos criterios establecidos nos programas de tecnificación e de alto rendemento no proxecto deportivo para o CGV da Secretaría Xeral para o Deporte.
- b) Ter navegadas varias tempadas en clases infantís e xuvenís preolímpicas, sendo parte das Seleccións Galegas das mesmas (clasificándose entre os primeiros postos do Circuito Clasificadorio autonómico).
- c) Ter formado parte do equipo nacional e competido nalgún campionato internacional coa RFEV, de clases infantís y/o xuvenís preolímpicas.
- d) Estar entre os primeiros postos en categoría absoluta de clases nacionais nos Campionatos e Copas de España, así como obter algún posto de finalista (12 primeiros clasificados) en competicións internacionais.
- e) Ser seleccionado a criterio técnico polo Equipo Técnico de la da



RFGV, atendendo a súa traxectoria, calidade e posibilidade de integración nalgunha tripulación.

CONDICIÓNS A SEGUIR .

Os deportistas deberán:

- a) Adestrarse un mínimo de 12 días o mes na base de adestramentos que será o Centro Galego de Vela.
- b) Presentar e cumprir o programa anual de adestramento, concertado co Equipo Técnico. Este programa deberá cubrir os seguintes aspectos:
 - Planing adestramentos e competicións.
 - Establecemento de obxectivos.
 - Planing programación física e nutricional.
- c) Cumprimento e revisión mensual do anterior programa.
- d) Asistencia obrigatoria ás convocatorias de nivel autonómico, nacional ou internacional. Estas convocatorias contabilizarán no cómputo xeral do apartado a).
- e) Asistencia obrigatoria ás competicións clasificatorias para o Equipo Preolímpico Español, no caso de ser seleccionado polo Equipo Técnico.
- f) Cumprimento do contrato de cesión ou de uso compartido do material, no caso de ter material cedido pola RFGV.
- g) Cumprimento do código ético da RFGV (punto C.2.3)

No caso de incumprimento destes puntos, o Equipo Técnico da RFGV poderá excluír ós deportistas do Equipo Preolímpico Galego.

C.3 SANCIONES

O incumprimento das normas deste Regulamento será sancionado segundo o Regulamento de Disciplina da RFGV polo seu Comité de Disciplina.



D - GUÍA PARA ORGANIZACIÓN DE REGATAS

ESPECIAL ATENCIÓN E INTERÉS A TER EN CONTA O REAL DECRETO DE "25 DE ENERO DEL MINISTERIO DE FOMENTO, POR EL QUE SE APRUEBA EL REGLAMENTO DE LAS CONDICIONES DE SEGURIDAD MARITIMA, DE LA NAVEGACION Y LA VIDA HUMANA EN LA MAR APLICABLES A LAS CONCENTRACIONES NAUTICAS DE CARACTER CONMEMORATIVO Y PRUEBAS NAUTICO DEPORTIVAS" PUBLICADO NO BOE Nº 33 DO XOVES 7 DE FEBRERO DE 2008

D.1 METEOROLOXÍA, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA E SEGURIDADE

d.1.1 METEOROLOXIA

A previsión meteorolóxica resulta algo imprescindible para a práctica da vela, tanto para o deportista coma para a organización.

O parte meteorolóxico debera estar colocado no TOA a disposición de tódolos participantes una hora antes da saída a auga. Así mesmo, no breafing, o PR aportará a información meteorolóxica da area de regatas.

d.1.2. SALVAMENTO

Capitanías Marítimas, Protección Civil e Cruz Vermella

O Comité organizador é responsable de asegurar os medios de salvamento axeitados, a súa preparación e formación, así como coordinarse cos organismos públicos e privados encargados do salvamento:

- Servizo Estatal de Salvamento Marítimo, Tlf. 900 202 202.

A tal fin, nomearase un Coordinador de Seguridade que actuará en coordinación co Director de Competición ou Oficial principal de Regatas.

O servizo de salvamento planificarase de acordo coas seguintes bases:



- Embarcacións pneumáticas en número suficiente segundo a lexislación vixente (axustable segundo as condicións do campo de regatas, o tipo de iates e a experiencia dos participantes) co seu equipamento obrigatorio, e con dous tripulantes axeitadamente formados un dos cales deberá ter titulación para o seu manexo.
- O responsable do equipo de salvamento de cada campo estará en contacto co responsable de salvamento e co Oficial de Regatas.
- Instalación de barco nodriza en cada campo de regatas, no caso de probas de vela lixeira, se este se atopa a máis de dúas millas da base.

d.1.3 ASISTENCIA SANITARIA

Debe haber o seguinte, como mínimo:

- a) Botiquín de primeiros auxilios actualizado nas instalacións e barco do Comité de Regatas e/ou outra embarcación.
- b) Ambulancia accesible rapidamente.

d.1.4 SEGURIDADE

Ver apartado a.4.6 del Regulamento de Competicións.

Ha de asegurarse unha vixilancia e protección continua, de bens e persoas, incluíndo o varadoiro e os aparcamentos.

En caso necesario pode activarse un dispositivo de identificación persoal, en cuxo caso hai que prever identificación para Organización, Deportistas, Acompañantes, etc.

d.1.4.1: Clase Optimist:

Recomendase os límites de vento para as regatas clasificatorias:

Máximo :

Para o grupo Azul: Máximo 15 nós.

Para o grupo Amarelo 25 nós.

excepto que haxa unha limitación específica das Autoridades competentes- Capitanía Marítima, polo que prevalecerán estas últimas).

Mínimo: 5 nos.



Cando a representación dun Club sexa maior a 10 regatistas, faise necesario 1 adestrador máis na auga. Nas preinscricións constarán os adestradores co seu nº de licenza de técnico.

Uso da bandeira da Cruz vermella para Salvamento.

Na reunión previa a regata, nomearase a cada adestrador a súa posición para o caso de precisar colaboración a efectos de seguridade.

Uso de boias de seguridade , con anclaxe firme, cando o tempo o condicione, unha por detrás da línea de saída na metade da línea e outra por detrás da boia de sotavento do bastón exterior

d.1.5 COBERTURA DE RISCOS

A organización da regata presenta unha morea de situacións de riscos, que poden ser motivos de accidentes e xerar a correspondente responsabilidade civil. Por iso sé contratará un seguro que cubra en contía abonda tales riscos por danos propios e a terceiros durante os días de competición.

D.2 INFRAESTRUTURA PARA A ORGANIZACIÓN DE REGATAS CLASIFICADAS COMO CAMPIONATOS AUTONOMICOS OU COPAS DE GALICIA

d.2.1 REQUISITOS INSTALACIÓNS

As instalacións deben reunir os seguintes requisitos mínimos:

- a) Sinalización externa e interna das instalacións, indicando as diversas zonas ou dependencias onde se sitúan os servizos da regata.
- b) Servizo de recollida de lixo, con contedores para reciclaxe en número suficiente.
- c) Aparcamento para vehículos e remolques de estrada en número abondo, situado nas proximidades do varadoiro.
- d) Varadoiro de embarcacións de suficiente capacidade para acoller as previstas, situado nas inmediacións dos accesos á auga e dotado de mangueiras con auga doce. Disporán de iluminación e vixilancia en horas nocturnas.



XUNTA
DE GALICIA



e) Ramplas de inclinación non superior ao 10% e cunha entrada na auga equivalente a unha eslora da embarcación a usar, e de piso non deslizante.

Debe preverse para que toda a flota poida facerse ao mar nun tempo máximo de 30 minutos.

f) Grúa para regatas de barcos quillados.

g) Peiraos de amarre para regatas de barcos quillados, con mangueras de auga doce e toma de corrente eléctrica (220 voltios) axeitadamente distribuídas. En caso de amarre en boias, existirá un servizo de boteiro permanente.

h) Se é posible existirá subministración de combustible (Gas-Oil e Gasolina) cun horario axeitado.

i) Servizos próximos para a reparacións ou servizo de mantemento para as embarcacións.

j) Vestiarios en número abondo para atender a demanda de competidores e organizadores. A súa limpeza debe efectuarse varias veces ao día.

k) Taboleiro Oficial de Avisos situado nas inmediacións da Oficina de Regatas.

l) Mastro de Sinais en terra, situado nun punto visible dende o varadoiro, o máis próximo posible á Oficina de Regatas.

m) Sistema de megafonía que cubra todas as instalacións a utilizar polos competidores.

n) Bar ou punto de subministración de bebidas e manutención nas inmediacións das zonas de varada.

d.2.2. PERSOAL DE MANTEMENTO

Debe proverse o persoal necesario para o correcto funcionamento e mantemento das instalacións.



D.3 INFRAESTRUTURA TECNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE REGATAS CLASIFICADAS COMO CAMPIONATOS AUTONOMICOS OU COPAS DE GALICIA.

d.3.1 EMBARCACIÓNS E EQUIPOS.

A enumeración neles contida ten o carácter de mínimos.

Para cada campo de regatas:

a) COMITÉ

Unha embarcación con:

Mastro de sinais con oito drizas, emisora de radio VHF 25 Watíos, motor capaz de propulsala a 6 nós ou máis con vento e mar, cabina con boa visibilidade, cabrestante para o fondeo, corredera calibrada, taboleiros para rumbos e fondeo apropiado ás condicións de mar e zona.

b) VISOR

Unha embarcación para probas con máis de 30 embarcacións con:

Mastro de sinais, emisora ou portátil VHF 25 Watios, cabina con boa visibilidade, a ser posible, fondeo apropiado ás condicións de mar e zona, taboleiro para rumbos

c) BALIZADORA

Unha ou dúas embarcacións balizadoras se navegan dous ou máis clases, ou se o percorrido é trapezoídal, ou se dentro da área hai dous percorridos montados dotadas de:

Percha móbil para izado de bandeiras, emisora de radio VHF 2 Watios, bañeira capaz de estibar fondeos, cadeas, etc... ao alcance da man e motor capaz de propulsala a 12 nós ou máis con vento e mar.

d) AUXILIAR

Unha embarcación auxiliar do Comité de Regatas, de lixeiro porte, con percha móbil e capaz de ser propulsada a 20 nós ou máis con vento e mar.

e) EQUIPO BARCOS Todas as embarcacións deben ir provistas, en función da súa eslora e desprazamento, dun mínimo de 1 áncoras, cadea, pesos e cabo de fondeo de respecto.

f) BALIZAS

Balizas de percorrido inchadas, sen numerar e de gran tamaño.



g) BOIAS

2 boias cunha hasta non inferior a 1 metro de altura.

d.3.2 APOIO LOXISTICO EN TERRA

Preveranse os seguintes locais:

- a) Local para Oficina de Regatas, Comité de Protestas e xestión de resultados.
- b) Local para as reunións diarias dos Comités de Regata (elaboración de informes, etc.)
- c) Un local vixiado para depósito de roupas, documentos e outros aparellos.

d.3.2.1 OFICINA DE REGATAS

A Sala será de tamaño abondo para o desenvolvemento de todas as tarefas administrativas e disporá de:

- a) Mobiliario e material normal de oficina
- b) 1 ordenador con impresora
- e) teléfono
- f) Unha fotocopiadora de prestación normal
- g) Megafonía exterior
- h) Radio VHF

d.3.2.2 SALA DE XESTIÓN DE RESULTADOS. (Para regatas con máis de 40 embarcacións)

Separada da Oficina de Regatas, nela situaranse a informática e a reprografía.

O material mínimo constitúeo:

- a) Un ordenador PC-DOUS compatible e impresora (en función do número de inscritos resulta aconsellable un segundo ordenador)
- b) Unha fotocopiadora.

d.3.3 RESERVA

d.3.4 MEDICIÓN

d.3.4.1 RECINTO PARA MEDICIÓNS PREVIAS

A determinación das necesidades efectuaranse polo Area Deportiva da Federación Galega de vela, dependendo das características das clases e competición.

d.3.4.2 MATERIAL DE MEDICIÓN.

A disposición dos medidores haberá:



- a) Unha embarcación rápida ~~en regatas de Cruceiro~~.
- b) Selos de caucho e tinta indeleble
- c) Rotuladores de tinta indeleble
- d) Adhesivos de control

d.3.5. COMITE DE PROTESTAS

d.3.5.1 PANEIS

En función do número previsto de participantes e do tipo de probas, a RFGV decidirá o número de paneis a utilizar.

d.3.5.2 SALA DE AUDIENCIA

Para cada panel haberá unha sala de audiencias illada acusticamente, con ventilación e iluminación natural. Terá unha mesa e cadeiras en número abondo para acomodar os xurados e as partes implicadas na protesta.

d.3.6. ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Proporcionarase información xeral sobre as posibilidades de aloxamento nas zonas próximas. O Club responsabilizarase de realizar xestións para facilitar todos os datos intentando convir un prezo estándar para todos os participantes.

Proporcionarase bolsa de comida aos participantes todos os días de competición.

d.3.7 ALOXAMENTO E MANUNTENCIÓN DE ORGANIZACIÓN

Preverase aloxamento para os oficiais o máis preto posible. Proporcionarase almorzo, bolsa de comida e cea todos os días.

d.3.8. ATENCIÓN A PARTICIPANTES E ORGANIZADORES

Haberá unha persoa responsable durante toda a regata de atender as necesidades de todo tipo que poidan xurdir aos participantes e membros da organización.

D.4 MEDIOS DE COMUNICACIÓN

d.4.1 RESPONSABLE DE PRENSA

O comité Organizador nomeará un responsable de prensa que actuará en coordinación co responsable de Prensa da RFGV

d.4.2. ROLDAS DE PRENSA

Deberán intentar programarse as seguintes:



a) A véspera da primeira proba, con asistencia de membros do Comité

Organizador, patrocinadores, e, no seu caso, o Delegado técnico Federativo e outros representantes federativos.

b) Ao rematar as regata, asistindo os vencedores en cada Clase.

d.4.3 FACILIDADES Á PRENSA

Durante o desenvolvemento da competición poranse embarcacións axeitadas á súa disposición. Terá un teléfono e fax á súa disposición e se é posible, unha sala de prensa.

D.5 ACTOS SOCIAIS

Son aqueles ofrecidos con motivo da regata por diversas Institucións ou patrocinadores. Se terá en conta o protocolo en cada un deles.

d.5.1 CERIMONIA DE INAUGURACIÓN

A cerimonia de inauguración dos Campionatos de Galicia consistirá nunha recepción aos participantes.

d.5.2 CERIMONIA DE CLAUSURA

As cerimonias de clausura realizarase o antes posible unha vez finalizada a última proba e cumprido o prazo permitido nas Instrucións de Regatas para reconsiderar os resultados.

Aconséllase realícese nun lugar próximo ao varadoiro.

De ofrecerse un ágape na cerimonia de clausura, recoméndase que sexa un refrixerio breve ao obxecto de non dilatar o comezo da viaxe dos que han de regresar aos seus puntos de orixe.

d.5.3 DIFUSIÓN IMPRESA

A denominación oficial da regata e o seu logotipo utilizaranse en todos os avisos oficiais, comunicados de prensa, programas, pósters, folletos e calquera outro material publicitario. Inserirase así mesmo o da RFGV e o da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

A confección e difusión do anuncio, pósters e outro material de promoción corresponde ao Club.

Se se utiliza a papelería técnica preparada pola RFGV nela pode inserirse a denominación e logo da regata.

D.6 PATROCINIO E PUBLICIDADE

d.6.1 PATROCINIOS

A obtención de patrocinios para as regatas, Cptos. Galegos, Copas de Galicia ou similares, polo club organizador, precisará da conformidade



de FGV en función da compatibilidade que presente respecto a os patrocinadores que sosteñen as actuacións federativas.

Consensuarase, así mesmo, as condicións, lugares, e orde de prelación na exhibición da publicidade correspondente.

d.6.2 PUBLICIDADE DOS PARTICIPANTES.

Debe terse en conta a os efectos que procedan, que todas as regatas se rexerán polo Apéndice 1-Código de Publicidade, Regulación 20 da WS, non considerándose publicidade o logotipo da RFGV, Clubs e Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

D.7. DIRECCIÓN DE REGATAS E OFICIAIS

d.7.1 DIRECCIÓN DE REGATA

Durante o desenvolvemento da regata seguirase a Guía para eventos importantes do Apéndice C3 do RV.

d.7.2 COMITÉ DE REGATA

A RFGV a través da súa Área Deportiva asegura o desenvolvemento técnico da regata achegando na medida das súas posibilidades os medios materiais posibles.

Esta achega non implica exclusividade, senón simplemente a responsabilidade do desenvolvemento técnico da regata.

Iso supón, necesariamente, a utilización dos recursos humanos e materiais achegados polo club anfitrión e demais institucións intervinientes. Todo iso, así como a determinación dos medios e instalacións necesarias para cada regata en concreto, será obxecto de preparación e compromiso no seo do Comité Organizador.

Para cada regata identificarase e seleccionará, conxuntamente coa RFGV e o Club o persoal que ha de colaborar nos Comités de Regatas.

d.7.3 OFICIAIS DE REGATA

a) PRESIDENTE DO COMITÉ ORGANIZADOR Se responsabiliza da organización xeral da regata. O seu papel é, fundamentalmente, previo a aquela.

Durante a regata non desenvolve misión técnica ningunha, xa que a dirección da regata é función dos órganos constituídos para iso, articulados en dous grandes bloques. A organización xeral e a competición.

O Presidente do Comité Organizador segue sendo o responsable último da Regata, cooperando ao seu desenvolvemento proporcionando a axuda que resulte necesaria aos distintos



responsables e coordinando, en caso preciso, a acción dos responsables das áreas de organización xeral e de regatas. Vai apoiado polo Director de Regatas.

b) DIRECTOR DE COMPETICIÓN OU REGATA

O Director de Regata asume a responsabilidade respecto de todas as cuestións técnicas da regata, coordinando e supervisando a acción das áreas de traballo en que se estrutura.

c) OFICIAL PRINCIPAL DA REGATA

Cando hai máis dun campo de regatas, o Oficial principal da Regata asume a dirección de todas as tarefas do Comité de Regatas relativa á dirección das probas na auga, coordinando aos distintos Oficiais de Regatas. Se so hai un campo de regatas o Oficial da Regata será o Oficial Principal de Regatas.

d) OFICIAL DE REGATAS

Dirixe as probas en cada campo de regatas. No campo de regatas hai os seguintes oficiais: Balizador/es e poderá haber visor e auxiliar.

e) MEMBROS DO COMITÉ TÉCNICO

Levan a cabo o control das embarcacións e tripulacións de conformidade coas regras de Clase ou Handicap.

f) MEMBROS DO COMITÉ DE PROTESTAS

Tramitan e resolven as protestas e reconsideracións que poidan presentarse, ademais das funcións que lles atribúe a regra 60.3 do RRV.

ANEXO I. CLASES RECOÑECIDAS

TIPO	CLASE	CATEGORÍAS
Estratéxicas infantís	Optimist	sub13 e sub16; M / F
	Techno 293	sub13, sub15; M / F
	ILCA 4	sub16; M / F
Estratéxicas Xuvenís	ILCA 4	sub18; M / F
	ILCA 6	sub19; M / F; sub21 F
	420	sub17 , sub 19; M / F
	Techno 293	sub17; M / F
	IQFoil	sub17 , sub19 , sub21 M / F
	Vaurien	sub23; M / F
Outras Clases	Vaurien	Abs; M / F
	Snipe	Abs
	420	Abs; M / F / Mx
	470	Abs; M / F / Mx
	ILCA 6	Abs, máster; M / F
	ILCA 7	Abs, máster
	Fórmula Foil	Abs
	Raceboard	Abs
	RC 1 metro	Abs
	6 mR	Abs
	Kiteboarding twintip	Abs; M / F
	Kiteboarding surfkite	Abs; M / F
	Kiteboarding Foil	Abs
	Catamaráns	Abs
	J/70	Abs
	J/80	Abs

Estas dúas últimas clases constarán a tódolos efectos como Vela Lixeira cando naveguen en flota baixo as Regras de Clase.



ANEXO II. CAMPIONATOS GALEGOS TEMPADA


CLASE	TÍTULOS
Optimist	sub13, M / F sub16, M / F Club Campeón Gallego por Equipos
Techno 293	sub17, M / F
ILCA 4	sub16, M / F sub18, M / F
ILCA 6	Abs, M / F
420	sub17 Abs, M / F
IQFoil	sub 21, M / F
Vaurien	sub 23 Abs, M / F
Snipe	Abs
ILCA 7	Abs
Fórmula Foil	Abs
Raceboard	Abs
RC 1 metro	Abs
Kiteboarding twintip	Abs, M / F
Kiteboarding surfkite	Abs, M / F
Kiteboarding Foil	Abs
J/80	Abs A2, M / F / Mx

Anexo III. Percorridos

***OPTIMIST OUTER:**

Saír-1-2-3 Rematar en cinguida.


Este será o recorrido a utilizar obrigatoriamente no Circuito Clasificatorio de Optimist



OPTIMIST POR EQUIPOS

RECORRIDO: Salir – 1 – 2 – Barco del CR y boyarín de llegada - 3 – Terminar

Todas las balizas se dejarán por estribor



Recorrido "I" (*Trapezio Interior*)

Sinal Percorrido a navegar


I2 Saír – 1 – 4 – 1 – 2 – 3 – Rematar

I3 Saír – 1 – 4 – 1 – 4 – 1 – 2 – 3 – Rematar

(As balizas 3 e 4 poden substituírse por "portas", 3e/3b e 4e/4b)

O presente percorrido considérase indicativo, poidendose variar minimamente segundo as circunstancias (chegada por popa do Comité de Regatas ou chegada independente ou en cingida...)

Clases: Láser, 420, Windsurf



Percorrido "O" (*Trapezio exterior*)

Sinal Percorrido a navegar


O2 Saír - 1 - 2 - 3 - 2 - 3 - Rematar

O3 Saír - 1 - 2 - 3 - 2 - 3 - 2 - 3 - Rematar

(A baliza 3 pode substituírse por "porta", 3e/3b)

O presente percorrido considérase indicativo , poidéndose variar minimamente segundo as circunstancias (chegada por popa do Comité de Regatas ou chegada independente ou Chegada en Cinguida)

Clases:Láser,420,Windsurf





Percorrido "L" (Barlovento-Sotavento)

"LA" (Barlovento-Sotavento con Offset)

Sinal **Percorrido a navegar**


W2 **Saír – 1 – 3 – 1- Rematar**

W3 **Saír – 1 - 3 – 1 - 3 – 1 -Rematar**

(A baliza 3 pode substituírse por unha "porta", 3e/3b e pode ser incluída a baliza 2 como offset)

O presente percorrido considérase indicativo, poidéndose variar minimamente segundo as circunstancias (chegada na mesma liña que a saída ou por popa do Comité de Regatas vindo desde a mesma baliza que se utilizou para a saída ou tomando a porta no seu caso ou en cinguida)

Clases: Snipe, J70, J80, RC



Percorrido "T" (Triángulo)

Sinal Percorrido a navegar

TU 2: Saír – 1 – 2 – 3 – 1 – 3 – Rematar

TU 3: Saír – 1 – 2 – 3 – 1 – 3 – 1 – 3 – Rematar

(A baliza 3 pode substituírse por unha "porta", 3e/3b)

O presente percorrido considérase indicativo, poidéndose variar minimamente segundo as circunstancias (saída entre barco Comité e Baliza, que pode ser a nº 3, ou Barco Visor, triángulo equilátero (60º) ou rectángulo (45º), chegada entre barco Comité e baliza 1...

Clases: Snipe, Vaurien

